

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0617	Formación e orientación laboral	2022/2023	0	107	0
MP0617_12	Prevenición de riscos laborais	2022/2023	0	45	0
MP0617_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2022/2023	0	62	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	NURIA PATIÑO VIEITES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0617_12) RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.
(MP0617_22) RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.
(MP0617_12) RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector informático e das comunicacións.
(MP0617_22) RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.
(MP0617_12) RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.
(MP0617_22) RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.
(MP0617_12) RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
(MP0617_22) RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0617_12) CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
(MP0617_22) CA1.1 Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
(MP0617_12) CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
(MP0617_22) CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
(MP0617_12) CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
(MP0617_22) CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
(MP0617_12) CA1.4 Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
(MP0617_22) CA1.4 Empleáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
(MP0617_12) CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
(MP0617_22) CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
(MP0617_12) CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector informático e das comunicacións.
(MP0617_22) CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
(MP0617_12) CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
(MP0617_22) CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.
(MP0617_12) CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos ámbitos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.

**Criterios de avaliación do currículo**

(MP0617\_22) CA2.1 Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.

(MP0617\_12) CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.

(MP0617\_22) CA2.2 Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.

(MP0617\_12) CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.

(MP0617\_22) CA2.3 Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.

(MP0617\_12) CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.

(MP0617\_22) CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.

(MP0617\_12) CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo real ou simulado relacionado co sector de actividade.

(MP0617\_22) CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.

(MP0617\_22) CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.

(MP0617\_22) CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

(MP0617\_22) CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.

(MP0617\_22) CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

(MP0617\_22) CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.

(MP0617\_22) CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

(MP0617\_22) CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

(MP0617\_12) CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.

(MP0617\_22) CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.

(MP0617\_12) CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.

(MP0617\_22) CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.

(MP0617\_12) CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.

(MP0617\_22) CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.

(MP0617\_12) CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.

(MP0617\_22) CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.

(MP0617\_12) CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.

(MP0617\_22) CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

(MP0617\_12) CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
(MP0617_12) CA3.7 Defínense o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
(MP0617_12) CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
(MP0617_12) CA4.1 Defínense as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
(MP0617_22) CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
(MP0617_12) CA4.2 Analízase o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
(MP0617_22) CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
(MP0617_12) CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
(MP0617_22) CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
(MP0617_12) CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
(MP0617_22) CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
(MP0617_12) CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
(MP0617_22) CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
(MP0617_12) CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.
(MP0617_22) CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
(MP0617_22) CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
(MP0617_22) CA4.8 Emplegáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
(MP0617_22) CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

<b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>
(MP0617_12) RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.
(MP0617_22) RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.
(MP0617_12) RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector informático e das comunicacións.
(MP0617_22) RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.
(MP0617_12) RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.
(MP0617_22) RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.
(MP0617_12) RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
(MP0617_22) RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.

**2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
(MP0617_12) CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
(MP0617_22) CA1.1 Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
(MP0617_12) CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
(MP0617_22) CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
(MP0617_12) CA1.3 Apareciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
(MP0617_22) CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
(MP0617_12) CA1.4 Comprenderóense as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
(MP0617_22) CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
(MP0617_12) CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
(MP0617_22) CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
(MP0617_12) CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector informático e das comunicacións.
(MP0617_22) CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
(MP0617_12) CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
(MP0617_22) CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.
(MP0617_12) CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos ámbitos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
(MP0617_22) CA2.1 Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
(MP0617_12) CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
(MP0617_22) CA2.2 Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
(MP0617_12) CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
(MP0617_22) CA2.3 Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
(MP0617_12) CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
(MP0617_22) CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
(MP0617_12) CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo real ou simulado relacionado co sector de actividade.
(MP0617_22) CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
(MP0617_22) CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
(MP0617_22) CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

**Criterios de avaliación do currículo**

(MP0617\_22) CA2.8 Analízase o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.

(MP0617\_22) CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

(MP0617\_22) CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.

(MP0617\_22) CA2.11 Analízanse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

(MP0617\_22) CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

(MP0617\_12) CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.

(MP0617\_22) CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.

(MP0617\_12) CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.

(MP0617\_22) CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.

(MP0617\_12) CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.

(MP0617\_22) CA3.3 Identifícanse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.

(MP0617\_12) CA3.4 Identifícanse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.

(MP0617\_22) CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.

(MP0617\_12) CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.

(MP0617\_22) CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

(MP0617\_12) CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.

(MP0617\_12) CA3.7 Defínese o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.

(MP0617\_12) CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

(MP0617\_12) CA4.1 Defínense as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.

(MP0617\_22) CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.

(MP0617\_12) CA4.2 Analízase o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.

(MP0617\_22) CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.

(MP0617\_12) CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.

(MP0617\_22) CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.

(MP0617\_12) CA4.4 Analízanse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.

(MP0617\_22) CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.

(MP0617\_12) CA4.5 Identifícanse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.

**Criterios de avaliación do currículo**

(MP0617\_22) CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.

(MP0617\_12) CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

(MP0617\_22) CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.

(MP0617\_22) CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.

(MP0617\_22) CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.

(MP0617\_22) CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Os obxectivos deste módulo están desenvolvidos en cada unidade didáctica e considéranse o mínimo que o alumno debe saber e interiorizar para superar o módulo. Son entre outros os seguintes:

Coñecer os principios e normativa aplicable, española e comunitaria.

Coñecer os órganos administrativos e xudiciais laborais españois e comunitarios.

Diferenciar as modalidades de contratación e o seu réxime xurídico.

Identificar as prestacións de servizos excluídas da contratación laboral e as de carácter especial.

Coñecer os dereitos e deberes do traballador e do empresario.

Saber o réxime xurídico da xornada laboral, horas extraordinarias, permisos retribuídos, vacacións, salario, e FOGASA.

Cumprimentar unha nómina.

Saber o réxime legal aplicable nos supostos de modificación, suspensión e extinción da relación laboral: saberá analizar as, modificacións que poidan suspender a relación laboral, definirá o que é unha suspensión do contrato de traballo, identificará as causas da suspensión, analizará as causas de extinción e saberá como impugnar un despido.

Elaborar un finiquito.

Calcular indemnizacións.

Comprender os fines da SS, diferenciar os distintos rexímenes que a integran, identificar os organismos que compoñen a súa estrutura, e coñecerá as distintas prestacións.

Identificar as prestacións do SEPE.

Coñecer os órganos da participación dos traballadores e as súas competencias.

Diferenciar os tipos de contidos regulados nos CC e o seu ámbito de aplicación.

Analizar os conflitos laborais e a súa forma de exteriorización.

Valorar o dereito de sindicación dos traballadores.

Coñecer o procedemento para solucionar os conflitos de traballo.

Coñecer as condicións de traballo e seguridade.

Determinar os factores de risco: físicos, químicos, biolóxicos e organizativos.

Diferenciar as medidas de protección e prevención.

Coñecer os organismos con competencias en prevención.

Coñecer, describir e resolver cuestións e supostos sobre dereitos e deberes dos empresarios e traballadores en materia de prevención.

Describir e resolver cuestións teóricas e prácticas sobre as responsabilidades legais dos empresarios e traballadores.

Resolver supostos prácticos e cuestións sobre as condicións de traballo e aplicar en cada caso a normativa correspondente.

Determinar a acción preventiva e a documentación que debe conservar o empresario.

Resolver supostos teóricos e prácticos de índices de frecuencia, gravidade, etc...

Identificar a normativa aplicable en cada caso.

Determinar a acción preventiva.

Coñecer as medidas de emerxencia e PPAA.

Describir os procesos de búsqueda de emprego, fontes de información, e mecanismos de selección.

Identificar as iniciativas para o traballo por conta propia.

Clasificar os recursos de autoorientación.

Elaborar itinerarios formativos profesionalizadores.

Para cualificar positivamente a adquisición dos mínimos terase en conta si o alumno e capaz de :

- Recoñecer ou identificar o conxunto de accións ordenadas que compoñen o procedemento.
- Sabelo aplicar a situacións concretas.
- Xeneralizalo a outros contexto.
- Saber elixir o procedemento adecuado para resolver un determinado problema ou cuestión.
- Grao autonomía e automatismo alcanzado no manexo do procedemento.

Para avaliar e cualificar empregárase dúas probas obxectivas que poderán consistir, ben por separado ou ben en miscelánea, no seguinte:

- Probas obxectivas comentadas para ver o grao de comprensión.
- Probas de definición de conceptos, para determinar os posibles erros de concepto e observar se organiza e expresa as ideas con propiedade e precisión.
- Cuestións baseadas no estudo de casos que mostren comprensión dos conceptos apropiados e a súa capacidade para aplicarlos a novos casos e exemplos.
- Cuestións de exposición temática para que mostren os seus coñecementos, capacidade de organización e exposición.

A consecución dos obxectivos mínimos valorarase a través destas probas con cuestións longas/curtas e resolución de supostos prácticos, segundo o caso, aplicando, en todo momento e suposto, a lexislación vixente.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación realizarase atendendo aos seguintes puntos.

En termos xerais:

- Tomando como referencia os obxectivos expresados de Aprendizaxe, os Criterios de Avaliación do módulo e os Obxectivos xerais do ciclo formativo, segundo o establecido no correspondente currículo.

A cualificación será numérica, entre un e dez, sen decimais, Se a nota fose un número enteiro máis cinco décimas a nota sería o número enteiro menor. Non se aplicará o redondeo o número enteiro superior si o alumno non acada a nota mínima dun cinco.

Consideraranse positiva as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos.

Faráselle constar a valoración de cada unha das cuestións que se plantexen. As partes teóricas forzarán a expresión escrita e o exercicio intelectual que suporá a expresión dun concepto. Referenciarán os contidos publicados no DOGA como currículo do ciclo. Os de carácter práctico suporán materializar en supostos reais os conceptos teóricos.

Os alumnos que na realización da proba sexan sorprendidos con medios non permitidos, retiráselle e será cualificado como non apto.



#### **4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento**

##### **4.a) Primeira parte da proba**

Consistirá en desenvolver cuestións teórico-prácticas de dereito de traballo, seguridade social e prevención de riscos laborais, todas elas baseadas na lexislación vixente no momento de efectuar a proba.

##### **4.b) Segunda parte da proba**

Resolución de supostos prácticos de dereito do traballo, seguridade social e prevención de riscos laborais, aplicando correctamente os contidos teóricos obxecto da materia, actualizados o momento de efectuar a proba